Edificio Filomena Dato
Campus Universitario
36310 Vigo
www.uvigo.gal
vicinv@uvigo.es

REGULAMENTO DE PERSOAL INVESTIGADOR HONORÍFICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Preámbulo

Este regulamento xorde pola necesidade da incorporación ocasional de profesionais relevantes que colaboren coa docencia e á investigación para que acheguen á universidade o seu coñecemento profesional, científico, técnico ou artístico. O nomeamento de persoas nesta categoría ten antecedentes noutras universidades e trátase dun nomeamento honorífico, sen dereito a retribución, que se atopa excluído das relacións laborais polo artigo 1.3.) d) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, considerando os traballos realizados a título de benevolencia.

A natureza da figura de profesor/a honorífico/a é allea á propia das figuras de persoal docente e investigador das universidades que se recoñecen na lexislación estatal e autonómica e, por suposto, nos Estatutos da Uvigo.

Artigo 1. Obxecto.

O presente normativa ten por obxecto regular a figura de Investigador/a Honorífico/a da Universidade de Vigo.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Poderán acceder á condición de Investigador/a Honorífico/a os/as profesionais que, desempeñando a súa actividade principal fóra da Universidade de Vigo, colaboren coa mesma para a realización de actividades ocasionais de investigación, así como a impartición de conferencias e cursos que complementen as ensinanzas universitarias. En ningún caso o desempeño da actividade propia do/a Investigador/a Honorífico/a computará como actividade docente normalizada pola Ley Orgánica de Universidades.

En todo caso, a condición de Investigador/a Honorífico/a será incompatible con calquera vinculación laboral o contractual coa Universidade de Vigo.

Artigo 3. Requisitos.

Os/as candidatos/as deberán cumprir os seguintes requisitos no momento do seu nomeamento como Investigador/a distinguido/a:

a) A persoa proposta deberá dispor dun relevante prestixio e ampla traxectoria investigadora fora da Universidade de Vigo.
b) Ter menos de 70 anos de idade.
c) Acreditar que se atopa en situación de alta, alta especial ou situación asimilada á de alta na Seguridade Social ou mutualidade equivalente

(nacional ou internacional), mediante certificado debidamente actualizado expedido polo órgano competente.

Artigo 4. Procedemento.

1.- A proposta de nomeamento dun/ha Investigador/a Honorífico/a deberá partir dun Departamento, Centro ou Instituto Universitario.

2.- O/A Reitor/a tamén poderá propor como Investigador/a Honorífico/a a persoas que participen en programas institucionais de investigación de especial interese para a Universidade de Vigo.

3.- A proposta deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos méritos máis relevantes do/a candidato/a e das actividades a realizar, xustificando o interese que con elo se atende.

4.- En calquera caso, tras a presentación da proposta a informe na Comisión competente en materia de Investigación, deberá ser ratificada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

Artigo 5. Nomeamento.

O/A Reitor/a da Universidade de Vigo, en execución do acordo adoptado polo Consello de Goberno, realizará o correspondente nomeamento de Investigador/a Honorífico/a, indicando o Departamento, Centro ou Instituto de Investigación onde levará a cabo a súa actividade, e expedindo o diploma de recoñecemento de tal condición nos termos que resulten precisos.

Artigo 6. Aceptación.

A consideración de Investigador/a Honorífico/a quedará supeditada á aceptación polo/a interesado/a para realizar a actividade proxectada, así como pola entidade na que preste servicios ordinariamente, no caso de que a súa normativa interna así o precise.

Artigo 7. Duración.

1.- A designación como Investigador/a Honorífico/a terá unha duración inicial de dous anos e poderá ser renovable cada dous anos.

2.- A proposta da entidade propoñente, ou a iniciativa propia, o Consello de Goberno poderá revogar en calquera momento a colaboración dun/ha Investigador/a Honorífico/a. Así mesmo, un/ha Investigador/a Honorífico/a poderá renunciar á súa colaboración en calquera momento sen que teña que motivar causa algunha.

3.- O/A Investigador/a Honorífico/a cesará no momento que cumpra os 70 anos de idade, ou ben se pasa a ter vinculación contractual coa Universidade de Vigo.

Edificio Filomena Dato
Campus Universitario
36310 Vigo
www.uvigo.gal
vicinv@uvigo.es

Artigo 8. Relación Xurídica.

A relación xurídica dos/as Investigadores/as Honoríficos/as coa Universidade de Vigo será de Dereito Administrativo, considerándose unha actividade realizada a título de benevolencia, polo que non xera dereito a remuneración, e está excluída do ámbito laboral, conforme ao artigo 1.3.d) do Estatuto dos Traballadores.

Artigo 9. Características.

1.- Os/as Investigadores/as Honoríficos poderán colaborar e formar os seus propios grupos de investigación na elaboración de propostas de proxectos de I+D, e participar nos mesmos, nas condicións que se determinen en cada caso. Tamén poderán participar na dirección de teses de doutoramento e en traballos de investigación e transferencia que se leven a cabo total o parcialmente na Universidade de Vigo, así como en outras actividades de investigación, como poden ser congresos, conferencias, etc.

2.- O Departamento, Centro ou Instituto solicitante facilitará ao Investigador/a Honorífico o acceso aos medios dispoñibles que estime necesarios para facilitar a actividade de colaboración.

3.- Os/as Investigadores/as Honoríficos/as terán dereito á tarxeta universitaria e poderán acceder aos servicios de biblioteca, rede informática, deportes e outros servicios xerais da Universidade nas mesmas condicións que o persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

4.- A actividade das persoas nomeadas Investigador/a Honorífico/a non dará dereito á percepción doutro abono pola Universidade que, no seu caso, o correspondente aos gastos necesarios para o seu desempeño, incluídas as indemnizacións por razón do servicio realizado, os cales correrán a cargo dos fondos do Departamento, Centro ou Instituto que efectuara a proposta, ou, no caso de Investigadores/as Honoríficos/as nomeados de acordo co apartado 2 do artigo 4 do presente regulamento a cargo do orzamento xeral da Universidade.

5.- A Universidade de Vigo subscribirá unha póliza de seguro de accidentes a favor do/a Investigador/a Honorífico/a con cargo á entidade que propuxera o seu nomeamento. A póliza correspondente aos Investigadores/as Honoríficos/as nomeados de acordo co apartado 2 do artigo 4 do presente regulamento será sufragada pola Universidade.

6.- Os/as Investigadores/as Honoríficos/as non formarán parte de ningún órgano colexiado nin terán dereito a voto en ningún proceso electoral.

Artigo 10. Número máximo.

O Consello de Goberno poderá establecer un límite ao número máximo de Investigadores/as Honoríficos/as nomeados pola Universidade de Vigo

Edificio Filomena Dato
Campus Universitario
36310 Vigo
www.uvigo.gal
vicinv@uvigo.es

Disposición derogatoria

O presente regulamento anula calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se lle opoña.

Entrada en Vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación e trala aprobación por parte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo.